

BOLETÍN INFORMATIVO

Caritas Interparroquial de Arousa

ANO XVI

Nº 63

Nadal 2010

Abalo, Andrés, Baión, Bamio, Caleiro, Cambados, Carril, Catoira, Cea, Corbillón, Cornazo, Deiro, Dimo, Fontecarmoa, Illa, Oeste, Dubiña, Rubiáns, Sobradelo, Sobrán, Solobeira, Tremoedo, Vilagarcía, Vilanova, Vilariño, Xunqueira



“Al abrazar su venerada imagen, he pedido también por todos los hijos de la Iglesia, que tiene su origen en el misterio de comunión que es Dios. Mediante la fe, somos introducidos en el misterio de amor que es la Santísima Trinidad. Somos, de alguna manera, abrazados por Dios, transformados por su amor. La Iglesia es ese abrazo de Dios en el que los hombres aprenden también a abrazar a sus hermanos, descubriendo en ellos la imagen y semejanza divina, que constituye la verdad más profunda de su ser, y que es origen de la genuina libertad”

Bieito XVI despois de abrazar ó Apóstol Santiago
(6 de novembro de 2010)

EDITORIAL NADAL 2010

Imos celebra-lo **Nadal do Señor**, que é expresión máxima do amor de Deus á humanidade caída e necesitada de salvación. É o Fillo enviado polo Pai, por obra e graza do Espírito Santo, que asume a nosa natureza pecadora para levantala á dignidade de fillos de Deus.

O Papa, Bieito XVI, na súa recente e inesquecible Viaxe a Santiago, como peregrino da Fe, díxonos, despois de abrazar o Apóstolo: *“mediante a fe, somos introducidos no misterio de amor que é a Santísima Trindade. Somos, dalgunha xeito, abrazados por Deus, transformados polo seu amor. A Igrexa é ese abrazo de Deus no que os homes aprenden tamén a abrazar ós seus irmáns, descubrindo neles a imaxe e semellanza divina, que constitúe a verdade máis profunda do seu ser, e que é orixe da xenuína liberdade”*.


A Igrexa pretende, a través de Cáritas, realizar este abrazo de acollida a tantas persoas que, por unhas ou por outras causas, estano a pasar mal, e acrecentada agora pola crise que estamos a padecer; por esta razón a Campaña que neste Nadal Cáritas está a realizar, **“Aposta por construír un espazo común e Global, de todos para todos”**, porque *“A globalización fainos próximos, pero non nos fai irmáns, e o verdadeiro camiño para cambiar os actuais procesos económicos e sociais e lograr un auténtico desenvolvemento é que os homes nos sintamos irmáns”* (CIV n. 19 e 20).

SEN TI, NON SOMOS NOSOUTROS

E este espírito de fraternidade ó que nos invita esta Campaña exprésase moi ben no lema: **“Sen ti, non somos nosoutros”**, para iso *“necesitamos dunha sociedade con valores”*, que é a Campaña que Cáritas leva adiante por terceiro ano consecutivo apelando á nosa conciencia de cidadáns, de persoas, para invitarnos a construír un modelo de sociedade baseado en valores que favorecen a dignidade de tódalas persoas. A **comuñón**, a **participación**, a **diversidade** e a **gratuidade**, súmanse á **FRATERNIDADE** que nos invita a tender lazos e pontes nas relacións cos demais, lonxe do modelo competitivo e *“economicista”* que predomina na sociedade.

É tempo de Nadal e Cáritas invítanos a vivir un profundo cambio no xeito de relacionarnos cos demais. A fe nun Deus que ama e crea, exprésase na existencia

de **signos de vida**. Necesitamos ser comunidades que expresan e anuncian eses signos de vida a través da **fraternidade** que estende lazos que nos unen uns a outros e nos permiten **xerar convivencia, encontro humano e humanizador**, solidariedade e proximidade cos demais, e en especial cos máis vulnerables: os que viven sos, os que nos teñen recursos e os enfermos. A sociedade fai públicas con facilidade as dinámicas de éxito persoal, e moi pouco as que xeran lazos comunitarios, as que tecen sociedade fraterna.



Estamos chamados a:

- Despregar o espírito de servizo e o sentido de comunidade como lugar privilexiado de encontro, interiorización e comunicación cos demais.
- Construír unha sociedade fraterna e integradora, onde acoller e valorar ós outros e onde as persoas excluídas poidan recuperar a súa dignidade de ser persoa.

Deste xeito viviremo-lo **Nadal** como realización dese amor de Deus a nós, que nos enriquece e que nos invita a que llo comuniquemos ó noso próximo, a través do abrazo fraterno e do servizo ó irmán.

Se así o facemos, cumpriremos a petición que o Santo Pai nos fixo desde a Catedral compostelán: *“Non quero rematar sen antes felicitar e agradecer ós católicos españois a xenerosidade con que sosteñen tantas institucións de caridade e de promoción humana. Non deixedes de manter esas obras, que benefician a toda a sociedade e a súa eficacia púxose de manifesto de modo especial na actual crise económica, así como con ocasión das graves calamidades naturais que afectaron a varios países”*.



VI EXPOSICIÓN SOLIDARIA

caritarte

auditorio vilagarcía de arousa
do 10 de decembro ao 10 de xaneiro

Cando se acerca o Nadal é unha cita xa obrigada en Vilagarcía a exposición de arte, na que os artistas, tanto pintores, escultores e fotógrafos manifestan o seu arte que levan dentro,



pero tamén levan algo máis grande que é a solidariedade cós máis desfavorecidos da nosa sociedade.

Este ano, como sempre, os artistas foron convocados polo prestixioso fotógrafo de prensa José Luiz Oubiña, que tamén é voluntario de Cáritas Interparroquial. A súa convocatoria responderon oitenta e tres artistas que expuxeron 84 obras que lucen na entrada do Auditorio da nosa vila.

A exposición inaugúrase o 10 de Nadal ás oito da noite coa presenza das autoridades locais presididas pola alcaldesa, o director de Cáritas Diocesana, o director de Cáritas Interparroquial e o seu Consiliario, acompañados por moitos artistas, voluntarios e colaboradores de Cáritas.

Xornada dos “Sin Teito”

En 2015 ningunha persoa sen fogar: 5 propostas para 5 años

O 28 de novembro conmemórase o Día dos Sen Teito. En España hai unhas 30.000 persoas sen fogar, unhas 30 en Arousa. Cáritas participa na campaña “Ninguén sen fogar” a cinco años vista có obxectivo de conseguir, no horizonte do 2015, que ninguén se vexa obrigado a vivir na rúa. É unha iniciativa da Federación Europea de Organizacións que traballan con Persoas sen Fogar FEANTSA Europa na que participa Cáritas. Fíxose unha campaña e conseguiuase a aprobación en abril de 2008 dunha Declaración do Parlamento Europeo para terminar có senfogarismo no 2015 que foi asumida polo Consello da UE.

Obxectivos anuais


2010: Ano Europeo da Loita contra a Pobreza e a Exclusión social: Coordinación e creación dun Pacto de Estado pola Inclusión Social. **2011:** As persoas sen fogar non estar fóra do Estado de Dereito: Creación de leis e normas diminuindo a burocracia administrativa e as esixencias documentais. **2012:** Creación dun sistema de ingresos mínimos como dereito subxectivo de toda persoa. **2013:** Garantía dun Sistema Nacional de Saúde equitativo (universal, gratuíto e accesible) con extensión e calidade para todos e unha especial sensibilidade no ámbito da Saúde Mental. **2014:** Que se ratifique la Carta Social Europea de 1996 que inclúe o dereito á vivenda. **2015:** Acabar có senfogarimo é posible: ninguén durmindo na rúa.

Ninguén sen dereitos. Ninguén sen fogar

Céntrase na opinión pública nas dificultades destas persoas para o acceso ós dereitos básicos como a vivenda, saúde (en especial á saúde mental), e xustiza, ademais de incidir na necesidade de establecer unha rede básica universal no noso país.

Cómpre chamar a atención sobre o novo perfil destas persoas sen fogar como consecuencia da crise: homes na súa maioría, solteiros, tanto nacionais coma estranxeiros, con maior nivel de estudos e idade máis elevada e que din que viven na rúa por mor de perder o seu emprego.

Esta campaña reclama a aprobación dun Pacto de Estado pola Inclusión Social, exhorta ós medios de comunicación para que fagan visible o invisible dende a dignidade e a sensibilidade que merecen as persoas sen fogar. Pídese á sociedade que participe na modificación dun modelo social que permite o sostemento da pobreza e a exclusión.



Cambiar o xeito de mirar ó noso redor

Cada un de nós podemos facer algo que parece sinxelo pero non o é: cambiar o xeito de mirar ó noso redor e combater a invisibilidade coa que condenamos ás persoas sen fogar. Unha persoa sen fogar, sen teito, que non ten dereito a unha vivenda, a participar, a traballar, a formarse, a coidar da súa saúde, a ter unha familia, amigos, enfrontar as súas adiccións, atópase no ámbito máis severo da exclusión: non existe. Non é. É invisible. Porque entre todos nós, a sociedade enteira, facemos que non exista, que non estea, que sexa invisible.

O camiño da participación económica, política e social comeza por facer visible o que é invisible, por comprender e incorporar o que supón que todos teñen que poder acceder ós dereitos sociais marcados polas normas internacionais e a nosa Constitución. Este obxectivo non só se ten que reflectir nos valores, nos plans: Ten que incorporarse nas normativas, nos acordos e nas accións a nivel local, territorial e estatal e con forza nas políticas sociais da Unión Europea.

¿Qué podo facer eu?

Trata de buscar as actividades que se organizan na nosa comarca e de participar. Acude ás Cáritas que están nas nosas parroquias e faite voluntario. As nosas parroquias asócianse na Cáritas Interparroquial de Arousa. Podes colaborar no Comedor Social. Podes bicar a un ancián. Podes facerte socio fixo de Cáritas ou dar un donativo puntual. Podes cantar panxoliñas. Podes visitar enfermos ou presos. Podes facer oración. Podes axudar a plantar pementos. Podes ensinar a ler a unha muller xitana. Podes doar alimentos ou roupa. Podes axudar no roupeiro. Podes xogar o fútbol cos inmigrantes. Podes sorrir a un drogadicto. Podes darlle traballo a un parado. Podes acoller ós estranxeiros. Podes pintar un cadro e doalo. Podes axudar coa hixiene persoal. Podes facer a defensa legal dun deles. Podes mercar un dos cadros de Caritarte. Podes apoiar a unha muller maltratada. Podes axudar cos papeis administrativos. Podes facer de intérprete. Podes propoñer novas formas de poder axudar... Podes cambiar o xeito de mirar ó teu redor e combater a invisibilidade das persoas sen fogar ou en risco de exclusión.

EMILIA SOUTOMEL

Encontro do Voluntariado de Cáritas en Cuntis

No pasado mes de Xullo celebrouse na Vila de Cuntis o X ENCONTRO DO VOLUNTARIADO DE CÁRITAS da zona Norte da Vicaría de Pontevedra, a que asistiron unhas 70 persoas.

Tralo recibimento, o superior dos Franciscano de Santiago, Francisco Javier Castro Miramontes, impartiu unha conferencia, para dar paso a celebración da Eucaristía. Cerrouse o acto cunha comida de confraternidade.



Celebrar o Nadal

Imos a vivir, un ano máis, unha das festas máis entrañables e significativas de todo o calendario cristián. E volcarnos cos máis necesitados. Nada malo nos pasará se un pouquiño do que imos a gastar, moi probablemente en exceso, ó longo destas festas llo adicamos a axudar ós que non teñen o imprescindible: pobres, desprazados, sen teito, inmigrantes..., e un longo etc...

A alegría debe ser compartida por todos, e mentras no sexa así, será sempre menos alegría e non precisamente por culpa de Deus ou das dificultades da vida.

XIII Festival de Panxoliñas

O domingo 12 de nadal de 2010 celebrouse no Auditorio Municipal de Vilagarcía o XIII Festival de Panxoliñas. Sobre o festival direilles que pola opinión da xente resultou moi ben, tanto na participación do público como na recaudación que alcanzou a cantidade de 1.105,50 €, e nas rifas das cestas recaudáronse 1.036,70 €.

Non nos podemos queixar dadas a circunstancias que atravesamos.

Doulle as gracias a todos os grupos participantes, que foron os seguintes:

Clave de Sol de Vilariño (Cambados)
Coro Infantil e Xuvenil (S.Cipriano de Vilanova)
Coro Parroquial de Sobradelo
Coro Filipense de Vilagarcía
Coro Parroquial "A Nosa Sra da Xunqueira"
Coro de Canto Xuvenil "Nydia"
Coro Parroquial de Vilaxoán
Grupo "Airiños" de Vilagarcía
Coral "Brisas de Guillán"
Coral Alento Xoven (Carril)
MM.RR. Coral Cortegada (Carril)
Coral "Santa Lucía" de Dena
Coral "Santa Eulalia e Xunqueira"
Cantares as Burgas (Cuntis)
Rondalla "Gato Negro" (Carril)



Gracias ao Concello de Vilagarcía polo apoio que nos prestou e a Manolo Torrente, que a pesares das súas ocupacións sempre está disposto a botarnos unha man.

¡Deséxolle a todos unhas Felices Festas!

LOLI PIÑEIRO

XII Festival de Corais

O domingo 12 de nadal celebrouse en Cambados o XII Festival de Corais no Auditorio Municipal "A Xuventude" (Cambados)
Participaron:

Coral P. Máximo Patiño de Vilaxoán
Coral P. Cofradía de Pescadores San Martiño do Grove
Coral P. de Cambados
Coral Cantigas do Castro de Baión
Coral P. Santa María Adina de Portonovo

O recaudado neste festival ascendeu a 762,95 €.

Gracias a todos.

FINA (CAMBADOS)



Entrevista a “Jesús”

INTRODUCCIÓN

Buenas tardes Jesús, mi nombre es Emilia, soy voluntaria de Cáritas. El Director me ha dicho que estás dispuesto a colaborar para que podamos comprenderte mejor. Te haré una entrevista en relación con el tema de tu adicción. No soy profesional y por lo tanto si no te encuentras cómodo, anulamos todo y de cualquier modo te agradecemos tu disponibilidad. Puesto que la entrevista es voluntaria, tienes libertad de responder o no a las preguntas que tu quieras. Lo que te agradecemos es que seas sincero. Si alguna pregunta te resulta inadecuada, dínoslo. Puedes no contestarla o añadir preguntas que tú consideres.

DATOS PERSONALES

¿Cuántos años tienes?, ¿Eres español? Tengo 54 años y soy español. ¿Estás casado? ¿Tienes hijos? He estado casado dos veces y tengo un hijo de 20 años y una hija de 36. ¿Vives en el campo o en la ciudad? Ahora vivo en una Casa de Cáritas. Antes vivía en una casa abandonada. ¿Viven tus padres? ¿Tienes hermanos? Vive mi madre, mi padre murió. Tengo 5 hermanos. Uno murió de sobredosis. ¿Tienes pareja? Ahora no. ¿Que tipo de relación mantienes con tu familia? Ya hace años que no veo a mi madre. ¿Tienes estudios? Hasta quinto de primaria. ¿Alguna cosa más que crees que nos interesa conocer en relación a tus datos personales? Si. Yo trabajé muchos años. Al principio trabajaba con mi padre, desde los once años. Trabajaba como marinero. Pero él no podía trabajar porque era cojo. Íbamos yo y mi hermano Juan. Yo era mal estudiante.

MOMENTO INICIAL

¿Recuerdas la primera vez que has tenido una actitud relacionada con tu adicción? ¿Qué edad tenías? ¿Cómo empezó todo? ¿Quieres compartirlo? Si., empecé por el alcohol muy temprano, con 12-13 años. Pero me sentaba fatal. Con la droga empecé más tarde, a los 38 años, ya estando casado. Como mi borrachera era tan mala me dijeron que la heroína me relajaría y me arreglaría el problema. ¿Tus amigos sabían que estabas teniendo problemas? Mi familia y mis amigos me decían que tenía que dejar de beber. Mi mujer me decía que no tomase la droga. Ninguna de mis mujeres tomaba drogas. ¿Habías recibido algún tipo de educación en relación a las drogas? ¿Quién te había dado esa información? No. Nadie. ¿Recuerdas cómo te sentiste en esos inicios? Yo era muy tímido y el alcohol me desinhibía. ¿Alguna cosa más en relación con el inicio? No sé que decir.

POSIBLES PREDISPOSICIONES

¿Hubo antecedentes en tu familia de conductas adictivas? Mi padre era alcohólico y maltratador y yo era una copia de mi padre. Cuando no bebía daba gusto estar con él. Mi madre nunca bebía ni, por supuesto nada de drogas. Una hermana mía murió de sobredosis. Se quedó dentro del coche con la jeringuilla clavada en el brazo. En total somos 7 y todos hemos probado las drogas en mayor o menor medida. Cinco hombres y dos mujeres. ¿Y tus hijos? No sé nada de ellos. A los 9 años dejé de ver a mi hijo y a los 10 a mi hija. Creo que están con las madres. ¿Piensas que eso era mejor para ellos? Es mejor para ellos tal como estoy yo. ¿Te consi-



deras una persona perfeccionista? ¿Impulsiva? Si. También. ¿Consideras que tienes una baja tolerancia a la frustración? ¿Eres perseverante con tus propósitos? Creo que sí. Si, yo era capaz de conseguir todo lo que me proponía. ¿Te consideras una persona débil? Soy débil. ¿Alguna cosa más que tú creas que te haya hecho tener predisposición? Yo lo tengo claro. Esto se hereda. Soy débil y tengo lo mismo que tenía mi padre.

SITUACIONES PRECIPITANTES

¿Perdiste tu empleo y eso precipitó todo? No, yo trabajaba como marinero en pesca de altura. Coticé a la Seguridad Social. Luego estuve en Reto trabajando en mudanzas, etc. Me rehabilité. ¿Te había dejado tu pareja? Cuando me casé ya estaba enganchado al alcohol pero no a las drogas. Mis dos mujeres me querían mucho pero yo las engañaba. Con la heroína no había nada que llegase. Les decía que no había pesca y era todo para la droga.

PROCESO DE LA ENFERMEDAD

¿En qué momento fuiste consciente de que estabas enfermo? Al principio consumía heroína. Después me metí en la metadona porque mi mujer me lo pedía. Yo quería a mi mujer y hacía lo que fuese por no dejarla. También he consumido cocaína esnifada o en base. Fumaba mucho. Otras drogas como éxtasis y esas no las quería. La marihuana no me iba. No me sentaba bien. No sé pero de verdad que llegó un momento en que reconocí que estaba enfermo. ¿Llegaste a controlar la situación en algún momento? Si. En Reto me recuperé y volví a casa y me volvía a casar. Tengo un hijo con cada mujer. ¿Quieres añadir alguna cosa más aquí? Las drogas te hacen sentir muy bien. Te hacen efecto al momento. El cuerpo se siente bien y sobre todo la cabeza, estás eufórico, alegre. Tienes ganas de hablar. ¿Por curiosidad puedes contarme cómo es eso de en base? Se echa amoníaco con medio gramo en una cuchara. Se planta fuego debajo. Eso hierve. La cocaína

queda y los restos del corte se evaporan. Queda una base pastosa blanca. Se deja secar y se echa al papel de aluminio. Se pone fuego debajo del papel de aluminio y le vas dando y va saliendo el humo que se respira y es eso lo que te coloca. *¿Y el limón para que lo usáis?* No es en esta forma. El limón se echa para quitarle el corte a la cocaína cuando se pincha.

PROBLEMAS MÉDICOS GENERALES

¿Tienes o has tenido alguna enfermedad que tú creas que tiene relación con tu adicción? Soy hepatitis C positivo. Me han diagnosticado en el ambulatorio. *¿Tienes SIDA? ¿Otros problemas?* No tengo SIDA y creo que es porque no me pinchaba. No me gustan las jeringuillas. Tengo problemas de dientes, falta de apetito. Adelgacé un montón. *¿Has tenido que ingresar en algún servicio de urgencias?* Nunca he estado en urgencias con problemas de drogas. *¿Has sufrido alucinaciones o delirio?* No tengo alucinaciones. Esas drogas te hacen sentir bien, ser más valiente.

EVALUACIÓN DE SALUD MENTAL: DEPRESIÓN, ANSIEDAD Y AUTOESTIMA

¿Has tenido o tienes problemas de sueño? Si, también. No dormía y cuando me daba el bajón me irritaba. Tomaba tranquilizantes. *¿Te enganchaste a ellos?* No. *¿Quién te los daba?*



Me los recetaba el médico. *¿Te levantabas falto de energía y sin interés por hacer cosas?* Si. Pero desde que estoy aquí estoy con ganas de hacer cosas. Antes nada.

¿Sentías que tu cabeza iba más despacio o más acelerada? Más acelerada. *¿Tenías apetito?* La cocaína saca el apetito. Sólo piensas en la droga. *¿Te sentías triste?* Si. *¿Crees haber estado deprimido?* Si, mucho. He estado a tratamiento contra la depresión. Me irritaba todo. *¿Has tenido temblores, hormigueos, sensación de mareo o sudoración?* Si. Con la heroína. Una vez casi me caigo. *¿Tenías problemas de memoria?* Antes no. Ahora tengo que anotar para recordar. *¿Sufrias cambios de humor?* Muy frecuentes. *¿Crees que sufrías ansiedad?* Si. *¿Has tenido o tienes asistencia psicológica?* Si. *¿Sabes el nombre del tratamiento psicológico?* Se trata de una educación en hábitos. *¿Crees que la adicción a las drogas es una enfermedad?* Yo creo que sí. Una vez que estás enganchado de verdad. La tienes tan metida en el cuerpo que no puedes escaparte de ella. *¿Crees que hay una predisposición biológica en las personas que predeterminan que puedan ser drogadictos?* Si. Es mi caso. *¿Crees que tienes buenas cualidades?* Malo no soy. Fueron las circunstancias. *¿Piensas que has fracasado?* Si. Total. *¿Trabajas para tener*

más respeto por ti mismo? Si. Todos los días. *¿Has tenido pensamientos irracionales?* Si, he pensado en suicidarme. *¿Quieres contarnos algo más en relación a estos temas?* No.

ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS

¿Manténías contacto con otros chicos con problemas similares? Tomábamos en grupo. *¿En plan botellón?* Íbamos a tiendas y nos daban. Compartíamos gastos. *¿Tienes familiares o amigos que te apoyen?* No. Estoy sólo en esto. Ahora. *¿En qué empleas tu tiempo libre?* No me gusta la informática. Me gusta leer. Pasear. Leo la Biblia. *¿Sales con amigos?* No tengo amigos. Me han traicionado. *¿Pero yo veo que sois colegas, en el comedor social?* La gente que vive en la calle se apoya por conveniencia. En el mundo de la droga se traicionan unos a otros. Eso no se pueden llamar amigos. Hay poca solidaridad. Nos mentimos. *¿Vendes?* Hace años. *¿Tienes problemas económicos?* Totales. Vivo de la caridad. *¿Quieres contarnos algo más que tenga que ver con los aspectos sociales?* Estoy aislado de la sociedad.

TUS OPINIONES NOS INTERESAN

¿Cómo haría si yo quisiese conseguir drogas? Primero hay que buscar una persona que tenga pinta de esto. Pero hay miedo porque podrías ser un confidente de la policía y al final liarla. Para una persona como tú sería bastante difícil. *¿Cómo se sabe si está adulterada?* Sabe distinto. Es peligroso. Puedes morir. *¿Y las pastillas?* Esas circulan que da gusto. Son como modas. Antes era el caballo. *¿La heroína?* Si. Ahora es la moda de la cocaína. *¿Tiene otros nombres?* Si, garlopa, nieve... *¿A como está?* El gramo a 50 euros. *¿Y llega un gramo para una dosis?* La cocaína es muy viciosa. Si tienes un gramo te llega si tienes 500 euros, el cerebro te pide y te pide para que compres más hasta que lo gastas todo. *¿Por qué se roba y se va a la cárcel?* Porque el cerebro está descontrolado. Las mujeres se prostituyen, los hombres roban. En las ciudades puede haber tirones y atracos en cada momento. *¿Qué opinas de los que hacen negocio vendiendo drogas?* A la cárcel. *¿Qué piensas de la gente que se droga?* Que son personas normales pero que están enfermos. Antiguamente en las escuelas nadie te decía nada. No se sabía las consecuencias que esto iba a traer. *¿Crees que los jóvenes deben probar las drogas?* ¿Qué pregunta es esa?. Por supuesto que no. *¿Qué podemos hacer para que los jóvenes no empiecen?* Los jóvenes, que ni lo prueben. Que ni lo intenten, ni se acerquen. Si les dicen: Si estás deprimido tómate esto. Eso es un engaño muy grande porque el problema va a estar ahí. *¿Quién tiene que decirles esto?* Las madres tienen que insistir e insistir, aunque se enfaden, porque es su deber. Si no se habla con el hijo te dirá "no me has dicho nada". *¿Y el gobierno, qué puede hacer?* Mirar más por los drogadictos. Conozco personas con estudios superiores que cayeron en esto. Tienen que promocionar el deporte, la música y actividades para que no estén ociosos. Si no hacen nada se juntarán e irán mal. Tienen que estar siempre haciendo algo. Es importante que les den información. Toda la información. Hay que contarles todo. *¿Qué opinas de los programas de prevención?* Hay mucha hipocresía. A los jóvenes hay que meterles miedo para que le cojan respeto. Y donde no haya familia que lleguen las escuelas, los maestros tendrían que informarlos y alertarlos de

las consecuencias tan graves que les pueden traer. Un joven, por muy inteligente que sea, se mete y lo arruina todo. La droga es muy traicionera, destroza a cualquiera.



HACIA DÓNDE VÁS

¿Estás a tratamiento ahora? Lo estoy dejando. *¿Quién te está ayudando?* Los únicos que me ayudan son los de Cáritas. *¿Cómo?* Me dan cobijo, comida, ropa. Estoy colaborando en labores agrícolas. Estoy optimista. Me ayuda mucho porque, al darme ayuda y tratarme como una persona, me alivia mentalmente para ser más optimista. Antes no tenía ni ganas de vivir. Gracias a Cáritas estoy un poco más animado. *¿Sabes que hay gente que confía en ti?* Sí. Y yo confío en ellos, me lo están demostrando día a día. *¿Confías en que vas a salir?* Tengo mucha confianza en que voy a salir. Creo en mi mismo. Creo que voy a salir. No es imposible. *¿Te vas al Proyecto Hombre?* Por consumir se muere mucha gente pero por rehabilitarse no, aunque el proceso sea muy duro. Con el mono no se muere, de sobredosis sí. *¿Cómo ves tu futuro?* A corto plazo negro. Pero tengo esperanzas. Lo del

Proyecto Hombre dura dos años. Entonces no sé dónde estaré. Si consiguiese un trabajo... Lo veo difícil. Por la edad que tengo ya no me cogerían de marinero. Mi problema va a ser encontrar un trabajo al salir. Es el miedo que tengo. *¿Qué crees que sería lo mejor para ti?* Conseguir un trabajo, realizarse con él, integrarse en la sociedad, tener amigos, una familia... Necesito apoyo psicológico. Mucho. Sería prioritario aprender un nuevo oficio. Hice un curso en el Ayuntamiento, obligado, porque sino me sacaban el RISGA y tengo un título pero no aprendí nada porque no estaba bien. Tengo casi 15 años cotizados. Antes nos engañaban. Si éramos 40 marineros, cotizaban por 20. *¿Algo más?* Sí. Tengo ganas de estar con una mujer. Y que nos llevásemos bien. Yo no quiero que me mantenga nadie. Quiero trabajar. Las chicas no nos quieren. Sólo las que están en este mismo rollo. Ser drogadicto es horrible. Estás señalado de por vida. *¿Cómo trata la sociedad a los rehabilitados?* Si sales luego da gusto verte. La sociedad admite a los que se rehabilitan.

DESPEDIDA

Hemos terminado las preguntas que teníamos preparadas *¿Quieres añadir alguna cosa?* Por supuesto, quiero aprovechar para reconocer la labor que está haciendo Cáritas. El comedor funciona muy bien. Yo no puedo decir nada malo de Cáritas sino todo lo contrario. El centro de acogida tiene unas normas estrictas pero se llevan bien. Los compañeros que convivimos ahí nos llevamos bien, a su manera. Me encanta ir a la agricultura. Me siento muy a gusto trabajando al aire libre. La gente en general nos trata mal pero en Cáritas, aunque a veces algunas nos riñen, por motivo, nos tratan bien. Son cariñosas. *Muchísimas gracias Jesús. Queremos que sepas que esta entrevista ha sido para nosotros una experiencia muy educativa. Te deseamos, con corazón que tengas mucha suerte.* ■

RESUMO DO CONSELLO DE CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE AROUSA 30/11/2010

Ás 20:30 horas, na Casa de Acollida de San Cibrán comezou cunha oración no día de San Andrés.

O Consello felicita ó Director de Cáritas de Arousa polo axeitado da difusión das actividades nas recentes notas saídas na prensa. O Consello manifesta o seu pésame á nosa voluntaria Fita, Josefa Maneiro polo, pasamento do seu marido Manolo Laia. Os parabéns do Consello para a nosa Traballadora Social, Montserrat Rosales Rodríguez que ven de ter o seu primeiro fillo Pablo. Sor Guadalupe desculpa a non asistencia porque está facendo unhas probas médicas. O Consello deséxalle moita sorte. Así mesmo o Director de Arousa comprácese en anunciar que Celia

Montero Toi xa está de novo entre nos. Aprobeuse por unanimidade a acta do Consello anterior.

No tocante á formación, Don Manuel lembra que ante unha realidade social cada vez máis complexa, toda a comunidade de Cáritas temos que formarnos e actualizarnos para estar ó día e da a palabra ó Director Diocesano para que avise dos cursos: Os voluntarios nas parroquias témonos que implicar. Hai cousas que os voluntarios sabemos facer. A escola de tempo de Cáritas Diocesana está organizando cursos para monitores e para directores. Concede un título. Non hai límite de idade. Cómpre ter entre 15-20 persoas.

Por solicitude do Administrador de Cári-

tas Diocesana, faise un avance de orzamentos para 2011. Lorenzo informa de que temos uns gastos e ingresos xerais previstos para o 2011 de 173.210 euros isto é un incremento de uns 12.000 euros en relación ó 2010 que vai sobre todo na partida da alimentación. Na Casa de Acollida hai uns gastos en 2010 duns 50.000 euros e unha previsión de gastos e ingresos de 60.400 euros para o próximo ano. Os 400 son os ingresos estimados polas colleitas do inverno do reinserción social.

Paco propón, pola crise, eliminar as postais navideñas e facer unha felicitación xeral en prensa ou ós móbiles ou no correo electrónico.

O Director de Arousa informa ó Conse-

llo da situación do persoal contratado. Hai dous postos de traballo para os que se require unha toma de decisións. Despois de ser informado e de deliberar, o Consello decide por unanimidade solicitar a continuación da contratación de Noela Lorenzo Gallego como traballadora social e non solicitar a de Noemí Navazas Santos, Técnica do Invernadoiro.

Despois do curso de agricultura, xardinería e poda houbo xente que se ofreceu aceptando a condición de que os que traballen no invernadoiro sexan persoas que se queiran reinserir. En concreto hai un matrimonio que se podería constituír en empresa e poderían ser dirixidos por Juventino, Director de Cáritas Parroquial de Tremeoedo. Xermán propón que sa fagan documentos. As vendas fanse a través de Horsal, onde somos cooperativistas. A idea en principio parece boa.

Anuncio di que nos non podemos saír a vender e que Proxecto Home ten invernadoiros para autoconsumo. O ideal é que o invernadoiro non custe nada a Cáritas.

Paco comunica que chamaron da Xunta para felicitar nos polo curso que se impartiu no invernadoiro. En especial pola gran coordinación entre os profesores do curso, que foi Fernando Gerino, o Persoal de Cáritas e os Alumnos. Anuncio teme que metamos á institución nun conflito. Lembra que Proxecto Home ten como persoal empregado ós reinsertados. Anuncio pide que non se contrate senón que vaian voluntarios. Xermán pide que se busque a figura.

O Consiliario lembra que os voluntarios son necesarios e que Bieito XVI di que tamén son necesarios os técnicos: en sanidade, cárcere, relacións institucionais, etc. Xermán en concordancia con Don Manuel engade que aínda que non todos poidan consolidar, ós traballado-

res bríndaselles unha oportunidade de ter experiencia laboral. Don Manuel recorda con orgullo a xente que tendo estado traballando con nós, despois situouse moi ben e que o último responsable do persoal e o noso Arcebis-

Piñeiriño que ademais van a poñer a lista de solicitude de alimentos para o comedor social. Susana Coello agradece a Vilanova e Cambados por facilitar o acceso ós campos. En San Mamede de Estacas, en Cuntis, queren facer un



po e non debemos dar problemas. En Arousa temos sorte de ter moitos voluntarios e unha moi boa coordinación coas traballadoras e coas parroquias, etc.

O Director de Arousa lembra que cómpre enviar as fichas dos voluntarios das parroquias coa firma e selo do Párroco. Campaña de Nadal: os días 2 e 3 de Nadal, no Auditorio, xornadas de Areva. Os 4, 5 e 6 o Mercadillo de Nadal no que se venderán as postais, bolsas de Cáritas, lotaría e entradas para os festivais. O día 8 haberá fútbol Cáritas - A Lama. O 10 a inauguración da exposición CARITARTE no Auditorio, ás 20 horas. O 11 Consello Diocesano. O 12 Festivais de Panxoliñas nos Auditorios de Vilagarcía e Cambados. O día 15, ás 19:30 horas, xuntanza das voluntarias do comedor para a organización dos turnos e para compartir e celebrar o Nadal cós usuarios e traballadoras. O día de Noiteboa, 17:00-19:30 partido de fútbol na Lomba. O equipo de Cáritas + Godo. Outras entidades interesadas en xogar son Agareso (reporteiros solidarios), A Garda Civil de Cambados, o Gato Negro, O

grupo de voluntarias e virán o 7 de Nadal ó Centro de Día cós mozos da parroquia. Paco insiste na importancia da animación ó voluntariado.

En Rogos e Preguntas, Cambados pregunta pola relación do Centro de Día e o Albergue da Cruz Vermella. Paco explica que só hai 10 prazas e os usuarios só poden estar 3 días. O saíren do albergue van comer a Cáritas. Utilizan todos os servizos do Centro de Día como roupeiro, hixiene, etc.

Anuncio pide que se acelere o tema da elaboración das memorias nas parroquias para poder preparar a da Interparroquial e a da Diocesana. É importante saber ó número de persoas que se atenderon porque parece que van a ser máis de 60.000 en Galicia. O Director Diocesano enviará un cuestionario para saber en qué consideramos que debemos formarnos.

Para rematar Don Manuel pide colaboracións, antes do día de Santa Lucía (13 dec.) para o Boletín e dirixe un canto á Virxe co que rematou o Consello sendo as 22 horas.

YOLANDA PAZOS

ASISTENTES:

D. Carlos Lago, D^a Hortensia Vázquez e D^a Valentina Lorenzo de Abalo, D. José Crespo de Oubiña, D. Daniel Espiño de Sobradelo, D. Antonio Sineiro, D^a Teresa Couso e D^a M^a del Mar Falcón de Vilanova, D. Juan Carlos Rey e D. Benito Grande de Caleiro, D. José Aldao e D^a M^a Dolores Vidal de Cambados; D^a Alejandra Fernández de Cea, D^a Rosa Aragunde e D^a Ángela Parada de Corbillón, D. Manuel A. Couceiro de Fontecarmoa e A Xunqueira; D. Manuel Castroagudín de Tremeoedo e Consiliario Interparroquial de Arousa; D. Germán Torres; D. Jesús González e D. José Manuel Vidal de Vilarinho; D. Lino Arcos e D^a M^a del Carmen Costa de Vilaxoán; D. Francisco Fernández, Dona Yolanda Pazos, D. Lorenzo Santos, Don Manuel P. del Oro e Dona Susana Coello da Permanente de Arousa; D. Anuncio Mouriño de Cáritas Diocesana.



Mercadillo de Nadal 2010

El día 4 y 5 de diciembre de 2010, se celebró un mercadillo de Nadal en la plaza de la Peixería. Cáritas Interparroquial de Arousa participó con un stand, vendiendo lotería, tarjetas de nadal y bolsas. Agradecemos a Comerciantes de ZONA ABERTA permitirnos participar.

Fútbol Veterano Cáritas

El equipo está formado de jugadores de 8 nacionalidades: Togo, Senegal, Nigeria, Ghana, Perú, Brasil, Venezuela y gallegos. Y hasta hace poco uno Ruso.

Entrenamos los sábados, entre Villanueva y Cambados, son los únicos sitios que encontramos para entrenar, el ayuntamiento de Villagarcía no tiene sitio para nosotros. Intentamos jugar casi todos los sábados con algún equipo de otros organismos, para mantener mi objetivo, que es el de la integración.

Este objetivo ya se consiguió en algunos, que gracias a ello están trabajando.

Van y vienen, incluso ahora me están llamando de Marín africanos que quieren que organice allí un equipo, pero la verdad que me lo estoy pensando por eso de la distancia y tiempo. Intentare, de todos modos, ponerme en contacto con Cáritas de Marín para ver lo que se puede hacer.

Gracias al nuevo entrenador, Alberto Villaverde, podemos seguir ahí intentando un año más hacer que se sientan libres.

SUSANA



RELEVO NA DIRECCIÓN DO ASILO CAMBADÉS

Días pasados tivo lugar o relevo na dirección da Residencia Asilo "Nuestra Señora de Valvanera", que dende o mes de xuño de 2008 estivo dirixida pola Superiora, Rvda. Madre Sor Amparo Campos Rodríguez, quen foi destinada ó Asilo de Lugo.

Coa Madre Amparo tivemos unha boa relación e podemos afirmar que realizou un encomiable traballo dende a súa absoluta dedicación á laboura caritativa e asistencial que desenvolven as benditas monxas do Asilo, polo que deixamos constancia nestas páxinas da gratitude que se merece a Madre Amparo, á que lle desexamos os maiores acertos no novo destino que, sen dúbida, os terá.

Para o mesmo cometido foi designada a Rvda. Madre Sor Susana Vicenta Alonso Martínez, que procede de Benavente (Zamora), e que xa tomou posesión do cargo, e a quen damos a nosa máis cordial benvida ó

tempo que nos ofrecemos a prestarlle a colaboración que precise, e á que lle desexamos unha feliz estada entre nós cousa que damos por feita polo seu amable e bondadoso carácter.

Aproveitamos este comentario para pedir a colaboración cidadana con esta Institución que con tanto amor acolle ás persoas que alí se atopan. Debemos coñecer o Asilo por dentro, comprobar o perfecto estado das instalacións e o impagable traballo das Hermanitas, que fan máis levadeiros os días que ás persoas alí acollidas lle restan nesta vida, cousa que tanto debemos valorar hoxe en día en que está de "moda" prescindir dos vellos sen acordarnos de canto deron e fixeron por nós. Que Deus llelo pague a estas, repetimos, benditas monxas, da congregación fundada por Santa Teresa Jornet Ibars.

PEPE VÁZQUEZ

Radiografía das nosas Cáritas

Cáritas Diocesana está a facer unha enquisa do Voluntariado con fin de ver cal é a motivación pola que traballan no servizo ós desfavorecidos da nosa sociedade, cal é a súa implicación en Cáritas, canto tempo lle adican e se senten a gusto no seu traballo.

Nos queremos presentar neste boletín tanto a carta de presentación do Director Diocesán, como o texto da enquisa.

Santiago de Compostela, a 6 de novembro de 2010

Benqueridos amigos:

O que vos adxuntamos é unha enquisa persoal e anónima coa que desde o equipo de Animación Comunitaria e Voluntariado pretendemos facer un diagnóstico da situación dos voluntarios e dos equipos das Cáritas parroquiais.

No intento por mellorar a atención que prestamos ás parroquias, precisamos saber como vos encontrades, as vosas inquietudes, preocupacións, alegrías, medos, etc. que vos encontrades no exercicio do voso voluntariado para poder deseñar un plan de cara ao ano 2011 no que poder abordar as necesidades que plantexedes.

Por todo isto rogamus que todos os voluntarios da vosa Cáritas parroquial cubrades, de xeito totalmente anónimo e voluntario, esta enquisa, e nos remitades as cubertas, **antes do 30 de novembro**, ao **endereço habitual** de Cáritas Diocesana:

Carreira do Conde 14
15701- Santiago
A Coruña

Esperamos contar coa vosa colaboración para que entre todos poidamos mellorar Cáritas, para que poidamos prestar a atención máis axeitada ás familiar que recurren a nós e confían en nós, e sobre todo a que desde Cáritas diocesana poidamos coidar do mellor xeito posible ás persoas máis importantes: os voluntarios das parroquias.

Recibide unha aperta cordial, e que o Señor nos guíe e acompañe neste camiño compartido.

Anuncio Mouriño
Director



**AVALIACIÓN DO ESTADO DAS
CÁRITAS PARROQUIAIS**
"Axúdanos a mellorar"

1.-TEMA: "IDENTIDADE DE CÁRITAS"

1.1. Que é Cáritas para ti?

- Un engadido á Igrexa
- Persoas que axudan aos necesitados
- Algo consecuente co mensaxe evangélica de Xesús

1.2. Cres en Cáritas? Por qué?

1.3. Cres que os chamados cristiáns estamos realmente comprometidos ca Igrexa e con Cáritas?

1.4. Cres que Cáritas é só para axudar aos necesitados ou ten unha misión máis ampla?

2.-TEMA "ATENCIÓN DA CÁRITAS PARROQUIAL"

2.1. Cada canto vos reunides no grupo da túa Cáritas parroquial?

2.2. Tedes un horario de atención aos participantes fixado?, en caso afirmativo, cada cando tempo?

2.3. Os casos trátanse no grupo ou deciden as persoas que están na atención?

2.4. Que sería necesario para mellorar a atención na túa Cáritas parroquial?

3.- TEMA "FORMACIÓN DOS VOLUNTARIOS"

3.1. Temos as ferramentas axeitadas para dar resposta a tódalas demandas que nos chegan?

3.2. Que temas ves axeitados para mellorar a nosa formación?

3.3. Estás satisfeito da atención que recibides da Cáritas Diocesana? Por que?

4.- TEMA "PERSOAL":

4.1. Como te atopas como voluntario de Cáritas? (motivado, desanimado, desbordado...)

4.2. Cáritas coidate como voluntario? En que debería mellorar a atención que se che presta como voluntario?

ii FELIZ NAVIDAD PARA TODOS DESDE

Cambados !!

Queridos amigos y amigas:

En esta Navidad, gloria de Dios y
GOZO, ALEGRÍA Y VIDA NUESTRA,

Os deseamos la paz de Jesús y
se la pedimos al Niño Dios,
que por nosotros, nació de María
y habitó en nuestro suelo.

¡ MISTERIO DEL AMOR !

Que Él nazca en nuestros corazones
Y tendremos una

¡ FELIZ NAVIDAD PARA TODOS !




¡ Belén, Casa de Pan !,

Que la mano tierna y poderosa
del Recién Nacido
se pose en nuestros corazones,

los derrita con su fuego
Y destilemos amor.

Y se hagan carne y alegría,
comprensión y cercanía
y fraternidad solidaria
para los pobres;
los preferidos del Reino.

AMÉN



Neste Nadal todos os voluntarios de Cáritas Parroquiais imos a **reencontrarnos** co noso amigo e irmán maior: Xusús, o Mesías. A El adoramos e por El traballamos todo o ano. Aquí temos unha pequena oración para dicir cos labios e co corazón en Noiteboa e todas as noites do ano.



- * Se fose un automóbil,
Deus sería o meu combustible.
- * Se fose un móbil,
Deus sería a miña batería.
- * Se fose unha árbore,
Deus sería a miña raíz.
- * Se fose un moble,
Deus sería o meu sofá de sobremesa.
- * Se fose unha caixa forte,
Deus sería o meu contrasinal.
- * Se fose un libro,
Deus sería o meu autor.
- * Se fose unha autoestrada,
Deus sería a miña área de descanso.
- * Se fose un reloxo,
Deus sería a miña hora exacta.
- * Se fose un menú,
Deus sería o meu prato favorito.
- * Se fose unha terra de cultivo,
Deus sería o meu fertilizante.
- * Se fose un cruce de camiños,
Deus sería a miña placa indicadora.
- * Se fose un ordenador,
Deus sería o meu disco duro.
- * Se fose un voluntario de Cáritas,
Deus sería o meu programa.

AMÉN

MANUEL ANTONIO COUCEIRO CACHALDORA, PÁRROCO DE "A NOSA SEÑORA DA XUNQUEIRA"

O LABOR DE "CÁRITAS" NA PRENSA A NIVEL ESTATAL

Debo iniciar este comentario entonando o "mea culpa", porque na reunión preparatoria deste humilde "boletín" dixeran que podía facer unha recopilación dos moitos reportaxes, artigos ou testemuñas aparecidos nos xornais, revistas e mesmo periódicos dixitais que a cotío podemos ler, nos que se destacaba o traballo de CÁRITAS en España a favor dos necesitados; debín facer, que non o fixen, un pequeno "dossier" coas publicacións que pasaron polas miñas mans, e agora teño que pagalas. Non esquezo as poucas pero boas televisións e emisoras de radio que se preocupan desto: "Intereconomía", "Veo 7", "Popular TV" e, ás veces, a TVG e a TVE. Tamén as emisoras de radio como Cadena COPE, Onda Cero, etc. De calquera xeito, podo asegurar e aseguro, que foron moitos os espazos nos que os máis importantes xornais e axencias de noticias se fixeron eco da labora de CARITAS nestes tempos en que a demanda de prestacións incrementouse notablemente. Falan de 800.000 comidas diarias cando fai un par de anos non chegaban a 300.000.

Pero o que eu quería subliñar é que todo ese recoñecemento non o debemos entender como algo que nos pertence aos/as que facemos algo (pouco) porque a alguén lle chegue un pouco de alimento, unha roupa ou unha cama por unha o dúas noites. Ese recoñecemento correspóndelle ós moi-

tos anónimos que nas colectas semanais das parroquias ou a través de aportacións en contas bancarias, poñen o seu "óbolo" para que tantas persoas poidan ver atendidas, anque mínimamente, as súas necesidades.

É dicir, que os que colaboramos en CÁRITAS non somos os destinatarios desas informacións na prensa ou na TV ou nas emisoras de radio, que se limitan a recoller o feito incuestionable de que CARITAS está a prestar unha pequena, mediana ou grande axuda a un número indeterminado de persoas, de seres humanos, que se atopan en estado de necesidade por mor das circunstancias, e nesto das circunstancias que cada quen o entenda como queira.

En todo caso, debemos congratularnos de que a labor de CARITAS sexa recoñecida nos medios de comunicación para que a xenerosidade se vexa compensada e se dilúan as dúbidas que nalgunhas persoas existen sobre o funcionamento desta Institución da Igrexa Católica, que ten como finalidade levar consolo material e/ou espiritual ás persoas necesitadas.

Finalmente, lembrar a todos os nosos lectores que

¡¡ CANTO MÁIS DAS, MÁIS TES ¡!

PEPE VÁZQUEZ

Ano Santo Compostelán



Bonn Natale

Feliz Navidad

Bon NADAL

ZORIO NAK



Joyeux Noël

Merry Christmas

Bo Nadal

Para quen somos capaces de lembrar que Deus naceu nun cortello, dunha familia itinerante e sen recursos, pouco antes de ter que emigrar a Exipto pola persecución política, o Nadal continúa a ser motivo de esperanza e da tenrura de Deus.

¡Gracias a todos os voluntarios de Cáritas que en Arousa sabedes levar pan e paz a tantos fogares!

MANUEL ANTONIO COUCEIRO CACHALDORA, párroco de "A Nosa Señora da Xunqueira"

